



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, nº 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

X CONCURSO DE MARCAPÁXINAS

As Bibliotecas municipais e o Concello de Zas, con motivo da celebración do día das Letras Galegas, convocan o X CONCURSO DE MARCAPÁXINAS .

As Bibliotecas queren sumarse así aos actos de homenaxe á escritora MARÍA VICTORIA MORENO, homenaxeada este ano.

Os separadores de lectura premiados, serán publicados polo Concello, e utilizaranse na Biblioteca Pública Municipal de Zas e na Axencia de Lectura de Baio acompañando a cada libro que se preste ata o Día da Letras do ano 2019.

Bases:

1. Poderán participar as alumnas e alumnos dos centros escolares do Concello de Zas.
2. O tema obrigatorio é o Día das Letras Galegas.
3. Cada participante poderá presentar un único traballo, en papel, a toda cor, por unha cara e coas dimensións máximas de **21 cm. X 5 cm.**
4. Valorarase a calidade dos deseños, a imaxinación e a orixinalidade.
5. Establécense as seguintes categorías:
 - A: ata os 5 anos
 - B: de 1º a 5º de Primaria.
 - C: de 6º de Primaria a 4º da E.S.O.
6. Outorgaranse dous premios por categoría dotados con un lote de libros cada un.
7. Os traballos presentaranse nun sobre pechado. No exterior indícarase X CONCURSO DE MARCAPÁXINAS e a categoría na que participa (A, B, ou C).
No reverso do marcapáxinas indícaranse os datos do/a autor/a: nome, enderezo, teléfono e idade.
8. Os separadores de lectura presentados a concurso entregaranse nos Centros Socioculturais de Zas ou Baio.
9. A recepción de orixinais pecharase o MÉRCORES 16 de Maio de 2018.
10. A entrega de premios terá lugar nos centros educativos dos/as alumnos seleccionados/as a semana seguinte á celebración das Letras Galegas.
11. O xurado resérvase a posibilidade de declarar deserto calquera dos premios.
12. A decisión do xurado será inapelable.
13. O feito de participar neste concurso supón aceptar as presentes bases e renunciar a calquera reclamación.